

Visita ao 'Parque Natural do Sudoeste Alentejano e Costa Vicentina'

"A costa vermella e laranxa. Desde os cantís fragosos costeiros até a elegancia das belas sobreiras alentejanas"

6, 7, 8 e 9 de abril

PROGRAMA

Quinta feira/xoves 6

9h. **Partida.** O punto de encontro será Valença do Minho.

16h. **Paseo 'O Vale Seco, o camiño sedutor'**

Circular. 6 Km

Dificultade, baixa

No camiño encantador, os arrecendos a carpaciña, romeu, arzaiais e esteva, xunto do trovisco, enverédannos cara a paisaxe aberta, suave e alombada, orlada por fermosas sobreiras, tinguida do amarelo da faba do mar e do branco da margarida.
Un cadro.

20h. **Hospedaxe** na Pousada da Juventude de Almogrove.

Sexta feira/venres 7

9,30h. **Ruta 'Vermello, laranxa e negro. Os fragosos cantís costeiros da Costa Vicentina'**

Linear. 11Km

Dificultade, baixa

A ruta. Grande interese paisaxístico, ecolóxico, xeolóxico e botánico. Na Costa Vicentina, o camiño transcorre polas dunas, no límite imponente dos seus cantís; paseniño, vaise tinguido do vermello intenso e laranxa acentuado do chan arxiloso, que protexe pradeiras da camariña escasa, da glauca melga de mar, dos amarelos senecios, das violetas escilas, das rosas silenes litorais, das pinchudas honquenias, e matos da herba de namorar...

As dunas proseguen no alto cara ao interior inmenso e, do outro lado, as falésias en caída abrupta, fragosa, cara ao océano, convidan á parada eterna.
Para vivirmos...

16h. **Visita a Vila Nova de Milfontes.**

Paseo pola linda freguesía do Concelho de Odemira onde salientan a arquitectura encalada do Alentejo, a Igrexa Matriz, o Forte de São Clemente e a gran apertura da Foz do río Mira.

Para non perdermos

17,30h. **Descanso**

Sábado 8

10h **Ruta 'O bosque. Na Serra da Estrada, os Sobreirais do Alentejo'**

Circular, 9km

Dificultade, Baixa

No ambiente calmo, na elegancia das pólas turxentes das vellas sobreiras, na límpida paisaxe, transcorre o camiño no interior do Alentejo. Os óxidos de ferro do chan soportan en pendente leve o fermoso bosque. Alternan os pastos e no ambiente boscoso idóneo as sobreiras retórcense até acadaren a madureza cumprida da beleza. 'O bosque'

16h **Visita ao Poboado Romano de Miróbriga (Santiago do Cacém). O Patrimonio arqueolóxico.**

Xurdido no Bronce final (S.VI a.E.), permaneceu activo até o S. IV d.E. Aparecen casas de comerciantes e casas de hospedaxes con pinturas, os restos do mercado, termas ben conservadas, con columnas labradas e algúns mosaicos. O conxunto, sorprende.

17h. **Descanso**

Domingo 9

9,30h. **Paseo 'Dunas de Almogrove. O Brejo Largo'**

Linear. 6Km

Dificultade, Baixa

Ollando cara a desembocadura do Mira, cos pés na area, as dunas que protexen as praias naturais dos Picos, da Angra até chegarmos á longa praia do Brejo Largo é o agasallo redondo que nos depara a Costa Vicentina. Acompañannos o romeu, a anagallis, os breixos de mar e as solitarias silenes no leito da area. 'A despedida'

13h. **Remate**